

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.57630>

 EDICIONES
COMPLUTENSE

Manuel Freire Castrillón e a “Carta de Galicia” de *El Censor* (1786)

Ramón Mariño Paz¹; Damián Suárez Vázquez²

Recibido: 13 de xullo de 2017 / Aceptado: 26 de setembro de 2017

Resumo. Baseándonos sobre todo en argumentos de índole lingüística, mais tamén en indicios biográficos e ideolóxicos, atribuímos esta “Carta de Galicia” a Manuel Freire Castrillón. Argumentos do mesmo tipo móvennos a postular que Freire foi tamén o autor doutros textos en castrapo e en galego, entre eles *Un labrador que foy sarxento á os soldados do nobo alistamento* (ca. 1808). Finalmente, ofrecemos unha transcripción anotada e minimamente intervida da carta.

Palabras chave: Manuel Freire Castrillón; castrapo; século XVIII; *El Censor*.

[es] Manuel Freire Castrillón y la “Carta de Galicia” de *El Censor* (1786)

Resumen. Basándonos sobre todo en argumentos de índole lingüística, pero también en indicios biográficos e ideolóxicos, atribuímos esta “Carta de Galicia” a Manuel Freire Castrillón. Argumentos del mismo tipo nos mueven a postular que Freire fue también el autor de otros textos en gallego y en un interlecto castellano-gallego (*castrapo*); entre estos textos se encontraría el romance *Un labrador que foy sarxento á os soldados do nobo alistamento* (ca. 1808). Finalmente, ofrecemos una transcripción anotada y mínimamente intervenida de la carta.

Palabras clave: Manuel Freire Castrillón; interlecto castellano-gallego (*castrapo*); siglo XVIII; *El Censor*.

[en] Manuel Freire Castrillón and *El Censor*’s “Carta de Galicia” (1786)

Abstract. In this paper we defend that Manuel Freire Castrillón was the author of this “Carta de Galicia” and of some other texts that were written in Galician or in a Spanish-Galician interlect (*castrapo*); we think that one of them could be the poem *Un labrador que foy sarxento á os soldados do nobo alistamento* (ca. 1808). The arguments we adduce to defend these hypotheses are of biographical, ideological and, most of all, linguistic nature. Finally, we offer a transcription of this letter and some notes of historical and linguistic nature.

Keywords: Manuel Freire Castrillón; Spanish-Galician interlect (*castrapo*); 18th century; *El Censor*.

Sumario. 1. Introducción. 2. Un editor galego en *El Censor*. 3. O autor da CG. 3.1. Argumentos de natureza lingüística: a lingua da CG e a obra en castrapo e en galego de Manuel Freire Castrillón. 3.2. Argumentos de natureza biográfica e ideolóxica. 4. Edición do texto. 5. Notas ao texto. 6. Referencias bibliográficas.

Como citar: Mariño Paz, R. e D. Suárez Vázquez (2017): “Manuel Freire Castrillón e a “Carta de Galicia” de *El Censor* (1786)”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 20, pp. 73-90.

¹ Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega.
E-mail: ramon.marino.paz@usc.es

² IES Primeiro de marzo / Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega.
E-mail: damiansuarez@edu.xunta.es

1. Introducción

O texto que se presenta neste estudo leva por título “Carta de Galicia” (CG) e foi publicado en 1786 no semanario madrileño *El Censor*, nas páxinas centrais do caderno correspondente ao “Discurso CXXI” (pp. 1015-1029)³. Na súa parte final ponse de manifesto o nome do suposto autor, Inocencio do Campo, quen remite o escrito ao seu tío Silvestre do Campo un 13 de decembro de 1785. Inocencio, de orixe aldeá, reside e traballa nunha cidade cuxo nome se oculta propositadamente ao longo do texto, pero que, como se verá (§ 5, nota I), pode identificarse con Santiago de Compostela.

A diferenza doutras cartas aparecidas en *El Censor*, a CG non está expresamente dirixida aos redactores do periódico, senón que se fai pasar por un escrito privado que acaba divulgándose debido ao seu interese e á súa suposta utilidade. Nunha aclaración previa indícase que o texto pasou ás mans do párroco de Silvestre e que este, despois de lerlles o seu contido a “algunas Señoras” (p. 1015), puido comprobar a súa eficacia como efectista testemuño capaz de corrixir certos costumes reprobables⁴. É por iso que, supostamente, o crego decidiu remitir o escrito de Inocencio á redacción de *El Censor*, buscando multiplicar así o seu impacto a través da difusión impresa.

Canto ao seu contido, vemos como Inocencio do Campo, un personaxe humilde que leva escaso tempo residindo na cidade, lle escribe ao seu tío para que o leve de volta á aldea, xa que non é capaz de afacerse a un ambiente en que, segundo o seu xuízo, reinan a hipocrisía e os costumes perniciosos. Ao longo da misiva vai describindo eses costumes e algunhas anécdotas protagonizadas por personaxes, especialmente mulleres, que pertencen á alta sociedade da urbe. Pode supoñerse, aínda que non chega a aclarárenos, que Inocencio traballa como criado para algunha familia adíñeirada ou

aristocrática, pois doutra maneira non se entende que tivese acceso a todos os ambientes que vai retratando.

A CG aparece redactada nun interlecto galego-castelán denominado *champurrado* polo redactor do periódico, o que hoxe se coñece comunmente como *castrapo*. Inocencio do Campo, supostamente galegofalante, trataría de expresarse en castelán cando escribiu a carta⁵, pero, como o seu dominio desta lingua sería escaso, o resultado do seu esforzo foi un texto escrito nunha variedade lingüística moi interfeirida polo galego, ata tal punto que, como se recoñece no propio semanario, vai ser dificilmente comprendida polos lectores de fóra de Galicia:

Ultimamente, se hacia cargo [o párroco que remitiu a carta a *El Censor*] de que el champurrado en que está escrita, no será acaso entendido sino en Galicia, y de que por tanto solo allí podrá ser útil; pero decia, que todo lo que puede contribuir á la reforma de las costumbres en algun parage de la Peninsula, qualquiera que este sea, es digno de ser puesto en obra por un Censor de la Nacion Española. (CG, p. 1015)

Esta circunstancia, xunto co feito de que a carta non teña como destinatario expreso o editor do periódico madrileño, fainos pensar na posibilidade de que realmente fose concibida de maneira autónoma e só con posterioridade se decidise a súa inclusión en *El Censor*. Aínda así, é doado adiviñar que toda a trama que sostén a CG forma parte dunha ficción que para empezar se materializa nos elocuentes nomes do remitente (Inocencio) e do destinatario (Silvestre), ambos “do Campo”.

2. Un editor galego en *El Censor*

En palabras dun dos seus estudosos máis recentes, *El Censor* pode considerarse o “periódico español más importante del siglo XVIII” (Sánchez-Blanco 2016: 9). Non estamos en

³ Este “Discurso” viu a luz o 7 de setembro de 1786. Todos os números de *El Censor* carecen de datación, pero é posible saber cando se publicou cada un deles tendo en conta que saían os xoves e grazas, entre outra documentación, aos anuncios aparecidos na *Gazeta de Madrid* (Caso González 1989: 785-787). A “Carta de Galicia” está dispoñible en: <http://hemerotecadigital.bne.es/issue.vm?id=0003841919&search=&lang=es>.

⁴ A “intromisión” deste párroco seguramente haxa que entendela por ser representativo da figura que habitualmente lles lía as cartas ou outros escritos aos fregueses analfabetos en moitos dos escenarios rurais galegos da época.

⁵ Ben por tratarse da lingua en que foi alfabetizado, ben por ser o código lingüístico que trataría de adoptar no seu novo espazo de traballo. Dificilmente cabería agardar que a comunicación oral espontánea entre tío e sobriño se fixese en castelán, sendo personaxes rústicos os dous.

condicións de valorar esta afirmación, mais consideramos que o semanario madrileño constitúe un produto destacado do pensamento ilustrado en España en que se tratou gran variedade de temas sociais, políticos e relixiosos. Desde os seus inicios manifestou unha clara vocación reformista e tentou dirixirse a un público amplo, para o que se valeu dunha linguaxe clara e evitou os excesos eruditos característicos doutras publicacións. Por outra parte, foi mesturando discursos propios, os que redactaban os seus editores, con cartas supostamente remitidas por diferentes lectores, co cal se pretendía que a lectura resultase o máis variada e amena posible.

Ao longo da súa existencia (saíu do prelo entre 1781 e 1787, chegando a sumar 167 entregas⁶) *El Censor* coñeceu problemas coa censura civil e eclesiástica, de maneira que viu interrompida a súa publicación ata en dúas ocasións⁷ e acabou sendo suspendido de modo definitivo en agosto de 1787; ademais, o seu redactor principal foi procesado polo tribunal da Inquisición.

Sobre a identidade dos seus promotores hai certa controversia entre os estudosos. Para José Miguel Caso González o semanario debeu de orixinarse baixo a dirección ideolóxica, a protección e o financiamento dalgunha figura relevante da esfera sociopolítica do momento, talvez a Condesa de Montijo (ou algún integrante da súa tertulia), o Conde de Floridablanca ou mesmo Carlos III (Caso González 1989: 798-799). O feito de que nunca se nomeasen os artífices da publicación e de que tampouco figurase, en contra da norma, o impresor responsable da mesma estaría en sintonía cun desexo dese impulsor descoñecido de permanecer no anonimato; ao seu servizo traballarían os redactores de *El Censor* como encargados de darlles forma a ideas e temas predeterminados desde as altas esferas.

Mais, fronte a esta hipótese, Francisco Sánchez-Blanco reivindica o protagonismo dos editores, os avogados Luis Marcelino Pereira

(1754-1811), de orixe galega, e Luis García del Cañuelo (1744-1802), natural de Granada e principal redactor do proxecto. Eles os dous, a través das sucesivas entregas, serían os voceiros dos intereses e preocupacións da clase social que representaban. Ademais, suponse que as opinións e ideas recollidas nas páxinas de *El Censor* tiñan a súa orixe nunha tertulia de tipo político á que se alude en varios lugares da publicación, tertulia composta fundamentalmente por xuristas e funcionarios e entre cuxos participantes poderían contarse os irmáns Manuel e Miguel de Lardizábal, Tomás de Iriarte, Antonio de Capmany, o agostiño Pedro Centeno ou Francisco de Goya (Sánchez-Blanco 2016: 30-34).

En relación coa CG ten interese detérmonos brevemente na descrición biográfica do escritor, xurista, matemático e economista ilustrado Luis Marcelino Pereira y Castrigo. Sábese que naceu en Santo André de Illobre⁸ o 26 de abril de 1754 e que foi fillo de Luis Vicente Pereira, rexedor perpetuo da cidade de Santiago, e de Josefa Nieto. Estudou Filosofía e Leis na Universidade de Santiago e, tras exercer a docencia nesa institución e pasar pola Real Audiencia de Galicia, incorporouse en 1776 ao colexio de avogados de Madrid, onde coñeceu a Cañuelo. Regresou a Santiago en 1780 para rexentar a cátedra de Matemáticas da universidade, pero asemade colaborou con *El Censor* desde a distancia⁹ e participou activamente na Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, da que foi secretario desde a súa constitución en 1784 ata 1792. A partir deste ano e ata o seu falecemento en 1811, Pereira desempeñou diversos cargos gobernamentais e xudiciais, como os de alcalde do crime (1792) e oidor (1797) da Chancelería de Valladolid, correedor do Señorío de Biscaia (1799) ou alcalde de Casa e Corte de Madrid (1804). Sábese tamén que o seu nome figurou entre os dos convocados para redactar a Constitución de Bayonne (1808) e que colaborou activamente coa

⁶ Non todos os números tiveron a mesma extensión. O máis habitual foi que saísen con 16 páxinas, aínda que tamén atopamos exemplares de 12 páxinas, os máis breves (números 7, 20, 81, 104 e 132), e no extremo oposto un caso de 60 páxinas, o máis extenso de todos (o número 145).

⁷ A primeira, entre decembro de 1781 e novembro de 1783, e a segunda, entre abril de 1784 e setembro de 1785.

⁸ Parroquia pertencente na actualidade ao concello de Vedra, limitrofe co de Santiago de Compostela.

⁹ A pesar de non vivir en Madrid nos anos en que foi saíndo á luz o periódico, non hai dúbida da súa importante contribución ao proxecto como redactor (Caso González 1989: 789, Sánchez-Blanco 2016: 31-32).

dinastía Bonaparte (García-Pandavenes 1972: 21-23, Sánchez-Blanco 2016: 13).

Con toda a lóxica, Sánchez-Blanco interpreta que este personaxe podería ser o autor da CG, da mesma maneira que Cañuelo, granadino, sería o responsable da “Carta de Andalucía”, que antecede a anterior no mesmo “Discurso 121” de *El Censor* e vai asinada co pseudónimo Pedro Palomo (Sánchez-Blanco 2016: 176, en nota). Non obstante, o texto galego débese a outra persoa, como trataremos de demostrar a continuación. En calquera caso, queremos destacar o paso de Luis Pereira pola Sociedad Económica de Santiago, porque foi nesta institución onde se produciu o seu encontro co autor da CG, se é que non tivera lugar xa con anterioridade (§ 3.2).

3. O autor da CG

A redacción da CG débese, na nosa opinión, á man do xornalista e político compostelán Manuel Freire Castrillón (1751-despois de 1820). Para chegarmos a propoñer esta atribución tivemos en conta fundamentalmente as similitudes lingüísticas que garda o texto con dúas obras posteriores atribuídas ao mesmo autor e redactadas igualmente en castrapo, mais tamén consideramos outros aspectos de natureza biográfica e ideolóxica.

En efecto, en 1787, pouco despois da aparición da CG, a imprenta compostelá de Ignacio Aguayo sacaba á luz o romance satírico *La Piligrina* (LP1)¹⁰, obra asinada co pseudónimo de “El nuevo Cosáreo de las Candelas”¹¹. Anos máis tarde, xa en 1803, publicaríase unha continuación da obra co título de *Segunda parte de La Peligrina, ó los Praceres* (LP2), peza que se atribúe claramente a Manuel Freire de Castrillón na súa edición de 1812, que apareceu na *Gazeta Marcial y Política de Santiago*¹². As

similitudes lingüísticas destas dúas obras coa CG son tantas e tan destacadas que, segundo o noso criterio, só cabe a posibilidade de que as tres pezas compartan un mesmo autor.

3.1. Argumentos de natureza lingüística: a lingua da CG e a obra en castrapo e en galego de Manuel Freire Castrillón

A carta está escrita no que o redactor de *El Censor* considera un “champurrado” que “no será acaso entendido sino en Galicia” (p. 1015) e que, coma o da carta proveniente de Andalucía que reproduce nas páxinas anteriores, sería obra, ao seu modo de ver, dun “patán sin crianza” (pp. 1006-1007). Quere dicirse, por tanto, que a peza que neste artigo nos ocupa está en castrapo, isto é, nun interlecto galego-castelán que pretende ser castelán pero acusa unha fortísima influencia do substrato lingüístico galego do seu suposto autor. No século XIX esta variedade lingüística púxose na boca da figura do cadiceño que aparece en varias tertulias e diálogos producidos e publicados antes de 1846 (cf. Mariño Paz, Barreiro Fernández e Aneiros Díaz 2008: 320-329, 342-355, 368-400), e de alí en diante a cuestión do castrapo aflorou en numerosas fontes impresas e manuscritas. Con todo, noticias sobre el xa as hai na centuria anterior. En efecto, varios testemuños cronoloxicamente próximos da carta de 1786 veñen a evidenciar a difusión que o uso deste interlecto alcanzara xa naquela época, certamente como consecuencia do aumento do número dos galegos que en certas ocasións se vían ou se sentían na necesidade de se valerem do castelán, ben debido ao seu trato con persoas que en Galicia o tiñan como lingua propia, ben polo desexo de adoptalo como indicador de progreso social, ben debido a contactos con castelanfalantes en viaxes que os levaban fóra de Galicia.

¹⁰ Neste texto atácanse “as devocións populares como supersticiosas e a voracidade económica do clero que atende esas devocións” (Barreiro Fernández 2001: 272). Xosé Ramón Barreiro apunta que se trata dunha crítica á obra póstuma de Fruíme *Las Candelas de N. S. de los Dolores de Fruíme*, saída da imprenta de Sebastián Montero y Fraiz en 1782 (Barreiro Fernández 2006: 141, n. 24).

¹¹ Este pseudónimo parece aludir ao apelativo que o primeiro Cura de Fruíme lle dá ao personaxe de Carlos de Andrade, pretendido sancristán da parroquia de San Martiño de Fruíme, no concello de Lousame. Así, no volume VII das *Obras en prosa y verso del Cura de Fruíme* (1781), o sancristán é referido como “Despavilador corsario de las Candelas” na epígrafe dunha das composicións en que se require do público destinatario un donativo de candeas para alumear o altar da Virxe das Dores (Cernadas y Castro 1781: 101).

¹² Saíu no número 95 da *Gazeta* (pp. 1157-1164), publicado o 26 de decembro de 1812. Trátase da edición máis antiga que coñecemos do texto na actualidade.

Na oceánica obra do padre Sarmiento (1695-1772) pódense ler aquí e acolá referencias, sempre fugaces, a variedades do castelán con transferencia de elementos procedentes do galego. Parécenos particularmente interesante a observación con que en 1758 abría frei Martín o seu opúsculo “Castellanos de Orense”, no que para desmentir que tal expresión aludise a ningún tipo de variedade lingüística que naquelas terras se utilizase se expresaba así:

Es muy frecuente fuera de Galicia chasquear con la expresión *castellano de Orense* al gallego que habla o pronuncia mal la lengua castellana. (...) Los de Orense no son los que menos entran en la lengua castellana, respecto de los otros países de Galicia, y no tienen la propiedad de confundir la *g* con la *j* ni la *c* con la *s*. Luego la expresión castellano de Orense no se inventó para discernir idiomas, y sólo se aplica a eso por la supina ignorancia de los que la aplican y que no saben el origen de la dicha expresión. (*apud* M[illán] G[onzález]-P[ardo] 1969: 415)¹³

Para nós, esta observación é digna de atención porque nela o beneditino criado en Pontevedra deixou caer dous trazos dese castrapo que, segundo el, non serían propios dos de Ourense: “confundir la *g* con la *j*” (a gueada e a gheada, que si aparecen na CG) e confundir “la *c* con la *s*” (o seseo, tamén presente no texto que neste artigo presentamos). Outro trazo característico do castelán dos galegos ao que Sarmiento se referiu en distintas ocasións foi o emprego dun calco do antepretérito galego no canto do pretérito pluscuamperfecto construído con *había* como verbo auxiliar:

Los gallegos que afectan hablar castellano pecan en eso: oí, v.g., “*que viniera Pedro*” por “*que había venido Pedro*”. (Sarmiento 1970: 376)

El fora soldado. Frase peculiar gallega. El *fora* por *había sido*; muchos gallegos en *Castilla* conservan el vicio. (*Ibid.* 437)

Dun “champurrado” que para el non era nin galego nin castelán falou tamén o bieito na súa

carta a Esteban de Terreros sobre a orixe da lingua galega e sobre a paleografía española:

El idioma gallego en su amplitud abund[a] de muchísimas voces radicales y de pocas forasteras, porque, como no se escribe, no tienen los gallegos idioma escrito al cual afecten conformarse todos adoptando voces extrañas. Y así conserva cada país todas las radicales que ha heredado de sus mayores. Siempre exceptúo los gallegos que habitan lugares muy populosos o de comercio. Estos ni hablan puro gallego, ni puro castellano, sino un tercer idioma champurrado. (Sarmiento 1974: 28)

Noutras ocasións a atención de Sarmiento recaeu non no castrapo, senón na recepción de voces castelás que se producía nas modernas variedades de galego que se falaban en contextos urbanos e nos portos de mar, onde o intenso tránsito de persoas favorecería tales usos: “finalmente, [á lingua galega] se le pegaron tales cuales voces modernas castellanas, no en el idioma de los aldeanos, sino en el de los ciudadanos, y en especial de los que habitan en puertos de mar” (*Ibid.* 26). Ferrol, sen dúbida un deses portos de mar en que o bieito observaba que se falaba un galego en que se adoptarían “tales cuales voces modernas castellanas”, é precisamente a cidade onde residían os personaxes que transitan polo romance da urca de santo Antón de 1777, no que o narrador afirma nada máis empezar o relato que daquela eran moitos os que, coma el, non se daban expresado nun castelán libre de abundantes transferencias procedentes do galego:

Por acá conozo moytos que queren facer ó mismo [falar en castelán] é fán un misto de lenjuas que causa gran risa ohilos. (*apud* Mariño Paz, Sánchez Yáñez e Suárez Vázquez 2012: 23)

En consonancia con isto, todos os personaxes que neste romance de 1777 intentan falar en castelán, salvo o piloto, fano en realidade nun castrapo co que o autor, evidentemente, busca a risada do lector.

¹³ Como o propio beneditino explica neste escrito, “castellanos de Orense” non eran senón os ourensáns que habitaban na demarcación que na Idade Media se denominaba Castela (“terra de castelos”), que se estendía por unha comarca que, como indica Fernández González (2013), ten o seu centro no actual concello de San Amaro, con prolongacións polos de Cenlle, Maside, O Carballiño e Punxín.

En fin, como antes dixemos, só dous anos posterior á CG é *La Piligrina* (1787) (LP1), un romance sobre o que parece reinar o consenso de que se debeu á pluma de Manuel Freire Castrión, quen en 1803 deu ao prelo unha *Segunda parte de La Peligrina, ó los Praceres* (LP2) que o 26 de decembro de 1812 volveu ser publicada pola redacción da liberal e constitucionalista *Gazeta Marcial y Política de Santiago* coa intención de mostrar que, anos antes, Manuel Freire estivera moi lonxe da ideoloxía absolutista ou “servil” en que militaba desde 1808. Pois ben, a variedade lingüística en que LP1 e LP2 están escritas é un castrapo que presenta tantas e tan significativas concomitancias co da CG que nos parece sensato e ben fundado en feitos obxectivos postular a mesma autoría para as tres obras. En efecto, o que nelas detectamos é un rico arsenal de recursos de todo tipo que inducen a pensar que quen as escribiu era unha persoa plenamente inmersa na realidade lingüística galega, mais o que sobre todo nos interesa subliñar aquí é que as tres pezas están irmandadas por algunhas escollos lingüísticas tan singulares que só se poden explicar convincentemente se se acepta a hipótese de que foron producidas pola mesma man creadora. Estas singulares concomitancias, enguedelladas con outras similitudes menos marcadas das que aquí non falaremos, son as seguintes¹⁴:

1. Como recurso caracterizador do castrapo obsérvase nas tres obras a ditongación hipercorrecta dos casteláns /e/ e /o/, que se materializa en formas que en moitos casos sospeitamos inventadas, pois parécenos improbable que realmente chegasen a usarse en castrapo: *gientes* (LP2, v. 7), *faruéles* (LP2, v. 115), *guelpes* (LP1, v. 247), etc. Ora ben, o que do noso punto de vista resulta significativo é que tanto na CG (p. 1027) coma en LP1 (vv. 80, 192) se recorra á curiosa creación *tabierna(s)*, que, con todo, tamén se le na *Carta do cura de san Xoán de Esmelle* de 1827 (cf. Navaza 2012: 533).
2. Entre outros fenómenos de alteración, supresión e adición vocálicas que se prodigan

nas tres obras, salientan particularmente a prótese que se produce coa voz *abata(s)* ‘bata(s)’ (CG, p. 1023; LP1, v. 82) e a síncope de *algravía* ‘algarabía’ (CG, p. 1023) e *algrevías* (LP2, v. 37). Moito máis común, e por tanto máis banal e menos significativa, é a síncope vocálica de *fridas* ‘feridas’ (CG, p. 1019; LP2, v. 206).

3. Nas tres obras son constantes os fenómenos consistentes na abertura de /i/ e de /u/ átonos en /e/ e en /o/ (*Babelonia, mogeres...*), mais parécenos especialmente significativo que nas tres apareza o senlleiro caso de *denero* ‘diñeiro’ (CG, pp. 1017, 1026; LP1, vv. 142, 152; LP2, v. 113). Máis común, máis trivial, é o de *sotil* (CG, p. 1026; LP1, v. 310; LP2, v. 295).
4. O seseo dáse na CG e en LP1 coa curiosa unidade léxica metatizada *Suidá* ‘cast. *ciudad*’ (CG, p. 1016; LP1, v. 70), que se converte na ben recoñecible *Zuidá* (vv. 27, 352) en LP2.
5. A gueada explótase recorrentemente nas tres pezas. Voces con este fenómeno que se repiten na CG e mais en LP1 son, entre outras, *aguntan* ‘ajuntan’ (CG, p. 1024) e *agunte* ‘ajunte’ (LP1, v. 214), *caga(s)* ‘caja(s)’ (CG, p. 1024; LP1, vv. 118, 209, 247, 270), *digo* ‘dijo’ (CG, 1017; LP1, v. 362), e *migo* ‘mijo-millo’ (CG, p. 1025; LP1, v. 77).
6. Sobre a base da correspondencia ‘galego <f-> = castelán <h->’ (*fabá = haba, folla = hoja*), créanse nas tres obras falsas voces castelás como *habor* ‘favor’ (CG, p. 1017). Pois ben, o realmente revelador é que en todas elas aparezan dúas creacións como *han* ‘hacen’ (sobre o modelo do galego *fan*) e *hoguete* ‘cohete’ (inspirado en *foguete*), tan singulares que, do noso punto de vista, teñen que ser obra da mesma persoa. Véxase a Táboa 1.
7. Utilízase nas tres pezas con frecuencia un artigo determinado masculino *lo*, e non *el*, creado como calco do galego *o* e quizais tendo en mente tamén a correspondencia

¹⁴ Sen ánimo de entrarmos na cuestión, tamén anotaremos aquí que na CG hai un insólito rexistro do sufixo *-bel*, do que non coñecemos ningún outro caso posterior á definitiva extinción da prosa notarial galega a principios do século XVI e anterior ao XIX: “que yo le vide una quimerea, moy *terribel* entre dos, que le salian de una casa tiradas las espadas” (CG, p. 1025).

- entre os clíticos masculinos complementos directos de terceira persoa do galego (o) e do castelán (lo); na CG, “á lo cabo” (p. 1017), “Lo cabelo” (p. 1018), “lo seo” (p. 1018), “lo dia” (pp. 1020, 1021), “lo colo” (p. 1021), “lo mercado” (p. 1023)...; en LP1, “lo coste” (v. 19), “lo lugar” (v. 38), “lo nombre” (v. 49), “lo fruto” (133)...; e en LP2, “Lo título” (v. 23), “lo peto” (v. 79), “lo color” (v. 84), “lo parlamento” (v. 86)...
8. Úsase tamén nas tres obras un artigo indeterminado masculino *uno*, e non *un*, creado sobre a base da correspondencia entre os numerais cardinais ou pronomes indefinidos ‘galego *un* = castelán *uno*’: na CG, “*uno* anaco” (p. 1028), “*uno* burato” (p. 1028), “*uno* Caballero” (p. 1022), “*uno* castillo” (p. 1019), “*uno* tabulete” (p. 1021); en LP1, “*uno* Señorito solo” (v. 163); en LP2, “*uno* campanareo” (v. 138), “*uno* caño” (v. 145), “*uno* trapo” (v. 250), “*uno* escribano” (v. 274). Tamén se rexistran *ninguno* por *ningún* (“una danza sen *ninguno* solaz”, CG, p. 1024) e *alguno* por *algún* (“*alguno* Santoáreo”, LP1, v. 95).
 9. Sobre os modelos galegos *teu(s)/túa(s)*, *seu(s)/súa(s)*, evítanse as formas átonas e apocopadas do posesivo castelán *tu(s)*, *su(s)* e úsanse uns adxectivos posesivos *tuyo(s)/tuya(s)*, *suyo(s)/suya(s)* que poden levar determinante á esquerda: na CG, “á las *suyas* cortegas” (p. 1020), “de los *suyos* hombres” (p. 1020), “con otras *suyas* cortegas” (p. 1020), “coma se foeran *suyos* higos” (p. 1022), “á las *suyas* cortegas” (p. 1022), “á la medida del *suyo* deseo” (p. 1028); en LP1, “la *suya* questa” (v. 2), “la *suya* cosecha” (v. 146), “la *suya* tasa mesma” (v. 184), “los *tuyos* Armitaños” (v. 231); e en LP2, “Y aluminarse en *suyos* cuartos” (v. 116), “Reliquias de *suyos* santos” (v. 362), “*Suya* cara” (v. 386).
 10. Algunhas unidades léxicas moi significativas do castrapo da CG lense tamén no de LP1 ou no de LP2. Parécennos especialmente dignos de mención o caso de *faceiras* ‘faceiras’ (CG, p. 1018; LP2, v. 151) e mais o de *cortegas* ‘namoradas’ (CG, pp. 1020, 1022; LP2: *cortejas*, v. 196) e *cortegos* ‘namorados’ (CG, pp. 1020, 1022). Con todo, hai que anotar tamén os de *alage(s)* ‘alhaja(s)’ (CG, pp. 1022, 1023; LP1, vv. 115, 129), *almendrillas*¹⁵ (CG, p. 1019; LP1, v. 119), *arrabaldes* (CG, p. 1027; LP2, *arrebalde*, v. 46), *bácaros* (CG, p. 1027; LP1, *Bácaros*, v. 112), *bafua* (“gente bafua en las tabiernas”, CG, p. 1027; LP2: “Gente bafua que agege” ‘axexe’, v. 357), *creto* ‘crédito’ (CG, p. 1024; LP2, v. 278), *esculcas* ‘pescudas’ (CG, p. 1017; LP2, v. 297), *freguezia* ‘freguesía’ (CG, p. 1028; LP1, *Freguezia*, v. 37), *frevillas* (CG, p. 1019; LP1, v. 117), *Madama(s)* (CG, pp. 1019, 1021, 1023, 1025; LP2, vv. 73, 326), *sagretamente* (CG, p. 1020) e *sagreto* (CG, p. 1021; LP1: *sagreto*, v. 233, *sagreta*, v. 336, e *Sagretáreos*, v. 155), *solasmente* (CG, p. 1020; LP1, v. 47). *Ramalletes* e *cornicopias* ou *cornicopeas* aparecen moi próximos en dúas enumeracións de elementos decorativos das igrexas que se len na CG (“Iglesia (...) moy composta con muchas *cornicopias*, coadros y *ramalletes*”, pp. 1022-1023) e mais en LP1 (“Enchendo bien lo Altar / de coadros, i mucha cera, / foentes, pratos, *cornicopeas*, / i *ramalletes*, i jeras”, vv. 277-280).
 11. A reveladora locución verbal *tener mientras (de)*, forxada como calco da galega *ter mentes (de)* ou *ter mentres (de)* (cf. TILG), emprégase tanto na CG coma en LP1: “*pró tengo mientras de* contarselo todo con mas dispacio *prá* coando esteamos guntos” (CG, p. 1027); “Tambien de ir por la Vila / con la caga *tengo mientras*” (LP1, vv. 269-270).
 12. A locución adverbial *coma migo* ‘en grande abundancia’, calcada sobre a galega *coma millo*, lese tanto na CG (“tan subidos, que le botan los pesos duros enriba de la mesa *coma migo*”, p. 1025) coma en LP1 (“Hai corrunchos *coma migo*, / pra comer muchas merendas”, vv. 77-78).

¹⁵ *Almendrillas* aparece nas proximidades de *frevillas* e en contextos con certo parecido na CG (“Agora lo que haz rir eras ver á una Madama con unas *almendrillas*, gargantillas, ralicarios, sortellas y *frevillas* moi grandisimas”, p. 1019) e mais en LP1 (“Verbigracea unas *frevillas*, / cagas de tabaque, i moestras, / *almendrillas*, rascamonas / de hechuras de moda noeva”, vv. 117-120).

	CG	LP1	LP2
Han ('Fan')	Y se alguno los tripa, ó les casca, ó le están malos, le tenen tanto pesar y alevantan unas quimerias, coma se foeran suyos higos. Y de estos no le <i>han</i> tanto caso, que allá les andan con ellos y los crian unas Dayfas, que les llaman Amas (p. 1022)	Habrá coadros de milagres, / muchos menudos de cera, / que con guevos de Abeztruz / <i>han</i> la tortilla compreta (vv. 205-208)	Y el que anda á la birlonga / Y á los praceres vedados / Necesita grande bolsa / Prá aqueste solo ramo. / No respetan mas la cera / De lo que <i>han</i> con los coartos (vv. 101-106).
		Mucho me alegra la obra, / que le <i>han</i> en Pontevedra / a la Tocaya, que asi / coanto pierda, gana esta (vv. 225-228)	Poés todo vale denero / Y <i>han</i> falla no pocos cabos / Prá liternas y farués / Y aluminarse en suyos cuartos (vv. 113-116).
		Si <i>han</i> otras falcatruádas, / lo Diaño allá lo sepa, / a lo menos, si las <i>han</i> , / será en parte moy sagreta (vv. 333-336)	
Hoguete ('Foguete')	Acabado lo refresco se poenen á danzar lo menoe y la contardanza, y venen unos vistidos de danzantes con carantoñas en la cara; que anque los mandó tirar sua Rial Magestá, no le deron creto, coma con la orden de los <i>hogetes</i> , que los botan coma denantes coando coadra, y asi le hacen con otras cosas (p. 1024)	Ellos ["los de Madril"] tiraron las Danzas / de las Funciónes de Igesia, / Gigantes, Coca, Mistéreos, / i <i>Hoguetes</i> , Rastrós, i Roedas (vv. 349-352)	Campanas, gayta, tambores / Y museca de soldados, / Y si hay boeno Mordomo / <i>Hoguetes</i> , ruedas y rastrós (vv. 225-228).

Táboa 1. *Han* e *hoguete* na CG, LP1 e LP2

Parécenos, en definitiva, que estas excepcionais concomitancias, dispostas sobre a base de toda unha serie compartida de recursos lingüísticos despregados para a caracterización do castrapo, revelan con certeza unha mesma autoría para a CG, LP1 e LP2. Particularmente reveladora resulta a coincidencia no emprego de formas que, por non teren ningún tipo de referendo en usos reais que nos sexan coñecidos, consideramos creacións do autor de intención paródica: *han* e *hoguete*, *uno anaco*, *faceras*, *tener mientras (de)*...

Con menos seguridade, mais si con notable convicción, queremos tamén apuntar que hai unha locución adverbial e unha locución adxectiva non demasiado comúns que, por aparecen tanto en LP2 coma en *Un labrador que foy sarxento á os soldados do nobo alistamento* (ca. 1808) (cf. Mariño Paz 2016), móvennos, xunto a outros argumentos, a postular a hipótese de que este romance da Guerra da Independencia fose tamén obra de Manuel Freire Castrillón. Esas dúas locucións son *de bruzos* 'de fociños' e *de rumbo* 'rumboso', como mostramos na Táboa 2.

Locucións (adverbial / adxectiva)	LP2 (1803)	Un labrador (ca. 1808)
<i>De bruzos</i>	¡Qué gusto es ver <i>de</i> carquenas / Ó <i>bruzos</i> á mil honrados / Enfermos, ó con limetas, / Ó con los lienzos pingando! (vv. 153-156)	Verédes, como se botan, / Todas ás Bellas <i>de bruzos</i> , / Para darbos moytos vicos, / Por pés, por pernas, é muslos (vv. 35-38)
<i>De rumbo</i>	Mas finalmente haberá / Muchas fiestas todo el año / Con percisiones <i>de rumbo</i> / Por Zuidá y los cuastros (vv. 349-352)	Salderán, cando bolbades, / Para traerbos, en trunfo, / Con gaytas, é con Ferreñas, / Todas ás mozas <i>de rumbo</i> (vv. 31-34)

Táboa 2. *De bruzos* e *de rumbo* en LP2 e *Un labrador que foy sarxento*

Curiosamente, o TILG non amosa ningún outro rexistro de *de bruzos* ata 1886¹⁶ nin ningún outro de *de rumbo* ata 1877, e ambas as locucións aparecen ademais con moi pouca frecuencia nas fontes do século XIX e nunca nas anteriores. Xunto a isto, tamén nos parece necesario tomar en consideración as seguintes circunstancias: 1) LP1, LP2 e *Un labrador* non só presentan a mesma forma estrófica (o romance octosilábico con rima asonante nos versos pares), senón tamén o mesmo estilo prosaico e festivo, de pouco valor literario; 2) Freire Castrillón virou cara ao absolutismo en 1808 (cf. Barreiro Fernández 2001: 272-273), o que cadra ben coa orientación ideolóxica de *Un labrador*, caracterizada pola defensa da tríade Deus-Patria-Rei (cf. Mariño Paz 2016: 603-604); 3) Freire publicou habitualmente na imprenta compostelá de Juan Francisco Montero y Frayz (cf. Odriozola e Barreiro 1992: 217-218), moi frecuentada por autores absolutistas e unha das dúas que, na nosa opinión, poden postularse como responsables da edición de *Un labrador* (cf. Mariño Paz 2016: 605); e 4) a atribución de *Un labrador* a este servil santiagués cadra ben co perfil dialectal compostelán que cabe defender para o autor do romance (cf. *Ibid.* 606-607).

Así mesmo, casa ben coa súa atribución a Freire Castrillón non só a orientación absolutista da carta galega dada á luz no número 80 (ano 1813) da revista sevillana *El Tío Tremenda ó los Críticos del Malecon* (cf. Mariño Paz e Suárez Vázquez 2012: 441-445), senón tamén o emprego que nela se fai da frase preposicional con valor adverbial *á usma*, correlato galego da que no castrapo de LP2 (p. 1161) aparece como *á la usma* e vai acompañada dunha nota de rodapé coa glosa “Al olfato”. En efecto, dada a escasa

frecuencia de uso desta locución no galego escrito moderno, parécenos moi improbable que non fosen obra da mesma persoa os versos “Á la usma venirán / Los que farbican rosareos / Con doas, medajas, libros / Rescritos y escapulareos” (LP2, vv. 197-200) e a seguinte pasaxe da carta a *El Tío Tremenda* de 1813: “é unos se marcharon con eles, é outros se quedaron à usma facendo à gata morta” (*apud* Mariño Paz e Suárez Vázquez 2012: 443). Cómpre valorar, respecto disto, que o TILG só mostra cinco rexistros de *á usma* e dous de *á osma* en todo o século XIX, todos eles de 1884 ou posteriores, e ademais é necesario considerar que o absolutista Freire foi deputado nas Cortes de Cádiz entre 1810 e 1813¹⁷ (cf. Herrera González 2007: 115-119, Barreiro Fernández 2001: 273), polo que a súa colaboración coa mencionada publicación sevillana resulta completamente verosímil, como tamén o é que as traducións e glosas con que esta súa carta galega se acompañou fosen, así mesmo, obra súa¹⁸. Finalmente, son perfectamente congruentes coa atribución a Freire tanto as invectivas contra os franceses e os afrancesados que se lanzan nesta carta a *El Tío Tremenda* (ls. 28-39 e 61-79), nas que ecoan as que desde uns anos antes viñera dando ao prelo o servil de Santiago nas *Napoleacas*, como a alusión que na súa liña 26 se fai ao “divino Rancio”¹⁹, pois data da súa estadía en Cádiz a colaboración que Freire Castrillón mantivo co deputado absolutista Francisco Rodríguez de la Bárcena para financiar a publicación das cartas do reaccionario dominico Francisco Alvarado y Téllez, tamén coñecido como “el filósofo Rancio”²⁰ (cf. Herrera González 2007: 97, 115-119, 137; Barreiro Fernández 2001: 273). Obviamente, o seu contacto co sevillano Rodríguez

¹⁶ Da variante *de bruces* si os hai de 1876 e 1883.

¹⁷ Con todo, convén apuntar que, logo de xurar como deputado o 27 de novembro de 1810, o 5 de outubro do ano seguinte Freire obtivo unha licenza para volver ao seu país por motivos de saúde. Esta licenza prorrogouse polo menos ata febreiro de 1813 (cf. Herrera González 2007: 116, 119).

¹⁸ Estas traducións e glosas introdúcense coa seguinte intervención do personaxe Castaña: “Mu graciosa está la carta, pero algunas cosillas tiene que se me han escapao por alto” (ls. 51-52). A seguir, explícase o significado de *foronziños*, *pro*, *botado à paus* e *ainda no humano*.

¹⁹ Véxase: “¡Oh! Si esta peste da razon nos collera naquelles tempos das suas glorias é d[e] toda [a] monarquía española! Non faltarian Monipodios, Repolidos, Maniferos, Chiquiznaques no pueblo baixo; ¿pro atreverianse à lebanar à crista esos *foronziños* que andan por ahí botando de escritores prúbicos, diante da aqueles gigantes da litratura divina é humana, da doutrina dó chiste é da gracia? No divino *Rancio*, é no famoso *Tremenda* vemos unha mostra do que digo” (ls. 22-27).

²⁰ Aínda que os orixinais manuscritos de Alvarado foron obxecto de non poucas intervencións por parte do grupo reaccionario de Cádiz que os preparou para dalos ao prelo, estas cartas son esencialmente súas (cf. Herrera González 2007: 138-143).

de la Bárcena e co marchenense Alvarado, ambos armados dunha ampla rede de relacións na cidade hispalense, debeu de abri-lle a porta para publicar en *El Tío Tremenda* ao xornalista e político compostelán.

Así, pois, en virtude de todo o exposto con anterioridade e á luz do transmitido por distintos traballos publicados ata hoxe, cremos que se poden considerar obra de Manuel Freire Castrillón tres pezas en castrapo (CG, LP1 e LP2) e tamén as seguintes cinco en idioma galego: o primeiro e o segundo *Diálogos de los Estercoleros*²¹, de 1807, *Un labrador que foy sarxento á os soldados do nobo alistamento* (ca. 1808), a carta a *El Tío Tremenda* de 1813 e o “Artículo comunicado” publicado na *Estafeta de Santiago* o 23 de xuño de 1813²².

3.2. Argumentos de natureza biográfica e ideolóxica

A figura de Freire Castrillón non conta a día de hoxe cun estudo biográfico completo e documentado, nin tampouco existe un repertorio

exhaustivo dos seus numerosos impresos e manuscritos, moitos deles aparecidos ou postos en circulación baixo anonimato ou con pseudónimo. Dos traballos publicados ata o día de hoxe arredor do personaxe cómpre destacar as notas que lle dedicou Pablo Pérez Costanti no seu volume sobre a *Historia del periodismo santiagués* (1905: 44-53), das que directa ou indirectamente beberon os biógrafos posteriores²³, ademais dalgunhas achegas máis recentes de Xosé Ramón Barreiro Fernández (2001, 2006) ou José Luis Lamigueiro (2012). Baseámonos fundamentalmente neses traballos para redactarmos as seguintes liñas.

Parece ser que Manuel Freire Castrillón naceu en Santiago de Compostela en decembro de 1751. Seu pai, orixinario de San Martiño de Cerdido (na antiga provincia de Betanzos), foi Juan Antonio Crego de Castrillón, dono dun comercio de quincalla na praza do Campo²⁴ (hoxe de Cervantes) que continuou rexentando o fillo. Súa nai foi María García Pan de la Mata.

²¹ Pódense ler en Mariño Paz, Barreiro Fernández e Aneiros Díaz (2008: 27-48). Sobre a súa atribución a Freire Castrillón reiteramos os argumentos que demos a coñecer en Mariño Paz (2012: 370-373), que do noso punto de vista teñen máis peso ca os apuntados por Álvarez Blanco (2008). Para nós, dado o alto grao de variación gráfica e morfolóxica propia non só dos textos de Freire Castrillón, senón tamén do conxunto dos textos desta época, é admisible que entre as distintas obras de Freire se detecten solucións gráficas e morfolóxicas diferentes para diversas variables; polo contrario, a coincidencia no uso da locución *en concerna/en conserna*, non rexistrada en ningún outro autor polo TILG nin consignada en ningunha obra lexicográfica contida en DD, resulta do noso punto de vista moi reveladora. Pola mesma razón, parécenos máis significativa a coincidencia no emprego da insólita locución *en concerna* ca a discordancia no tocante ao uso das variantes plena (*non*) e reducidas (*no, n-*) do adverbio *non* situado sen pausa ante forma verbal iniciada por vogal, que Álvarez Blanco (2012: 222, 257) aduce para poñer en cuestión a atribución dos *Diálogos de los Estercoleros* a Freire; ademais, o termo de comparación cos *Diálogos* que a nosa colega utiliza (o “Artículo comunicado” publicado na *Estafeta de Santiago* o 23 de xuño de 1813) é tan breve que só ofrece dous rexistros de *non* no contexto indicado (non tres, pois un deles vai seguido de pausa), de modo que o seu testemuño non resulta significativo. Por outra parte, cremos que o uso de *non* ou *no* ante clítico iniciado por consoante nasal a que alude Álvarez Blanco (2012: 226, 257) tampouco aclara nada, pois, se nos diálogos hai cinco casos de *no me* e dous de *non me*, no artigo de 1813 só contamos con un rexistro (*non nos*), polo que o seu testemuño non é significativo. Canto a concomitancias destes diálogos con outras pezas mencionadas no presente traballo, si nos parece revelador que no segundo diálogo dos esterqueiros se lea o curioso adxectivo *trémora* ‘témora’ (“eu tan *tremora* pelea / no na quero oír na vida”, vv. 410-411), que tamén aparece na CG (“que le hae algunos, que le agarran unas lupandas *trémoras*, y hastra le apostan y tenen vanidà en esto”, p. 1027). Da singularidade do adxectivo *trémora* dá boa conta o feito de que o TILG só ofrezca del este rexistro do segundo diálogo dos esterqueiros de 1807.

²² Canto á autoría deste artigo, concordamos cos argumentos de índole estilística, biográfica e histórica expostos en Mariño Paz, Barreiro Fernández e Aneiros Díaz (2008: 153-155) por Xosé Ramón Barreiro Fernández, investigador unanimemente recoñecido como gran coñecedor do xornalismo e dos xornalistas galegos de principios do século XIX. Da nosa parte engadimos ao dito por Barreiro unha reveladora concomitancia lingüística: no “Artículo comunicado” de 1813 emprégase o singular indefinido *menesmos* (“para que pagues os *menesmos* cartos qu’eu paguei”, p. 154), que tamén se usa na CG: “En las *menesmas* nadigas” (p. 1018), “y hastra las *menesmas* niñas pequenas” (p. 1020), “y hastra entre los *menesmos* probes” (p. 1027).

²³ Con anterioridade a Pérez Costanti, Vicente de Turnes dedicoulle uns breves apuntamentos na súa “Memoria histórica de los hombres naturales de Galicia” (*El Eco de Galicia* 61 [25/10/1851], p. 3). O artigo preparado por Murguía para o *Diccionario de escritores gallegos* (1862) non viu publicadas máis ca unhas poucas liñas, xa que a obra quedou truncada precisamente na entrada dedicada ao periodista compostelán.

²⁴ Repárese na coincidencia do nome deste lugar de Santiago co apelido dos ficticios remitente e destinatario da CG.

Desde a súa constitución en 1784, Freire Castrillón mantivo un estreito vínculo coa Sociedad Económica de Santiago, da que comezou sendo socio de mérito, vicesecretario en 1786 e, finalmente, secretario perpetuo a partir de 1793, precisamente despois de que Luis Pereira abandonase o cargo para ocupar outros postos na administración española. En 1792 casou con María Reguera Mondragón, da casa de Meis, coa que tivo varios fillos. Debeu de gozar de certo poder social durante estes anos, pois o concello de Santiago elixiuno procurador en 1788 e 1796 e deputado do Común en 1793 e 1798. Tendo xa unha idade avanzada, a partir de 1804, cursou Teoloxía na Universidade de Santiago.

Un suceso significativo da biografía de Freire Castrillón é a viraxe ideolóxica que experimentou a partir de 1808, cando deixa de ser un subversivo da orde establecida e un exaltado defensor das ideas liberais para transformarse nun absolutista afervorado. Mesmo aproveitou os períodos en que os reaccionarios ocuparon o poder para denunciar antigos correlixionarios e figuras vinculadas ao liberalismo.

Algúns feitos destacados do tramo final da súa vida foron a súa elección pola provincia de Mondoñedo como deputado ás Cortes de Cádiz en 1810 ou a súa participación en diversos proxectos editoriais de índole política: colaborou asiduamente con varios periódicos servís, fundou e dirixiu a *Estafeta de Santiago* (1813-1814), financiou a edición das cartas do Filósofo Rancio etc.

As circunstancias do seu falecemento non están claras a día de hoxe. Os distintos estudosos

indican que morreu fóra de España despois de 1820, pero a partir deste punto atopamos opinións discordantes²⁵.

Ademais de desenvolver unha notable actividade como poeta academicista ligado á Sociedad Económica santiaguesa, Freire Castrillón fixo ao longo da súa vida un constante cultivo da sátira e do ataque máis corrosivo e desapiadado. En primeiro lugar contra diversos grupos e figuras do poder (aristocracia, mitra, cabido, clero) e, a partir de 1808, contra os seus adversarios liberais, tras experimentar a radical viraxe ideolóxica que o levaría a converterse nun firme defensor do absolutismo e da Inquisición. Nos primeiros anos produciu escritos anónimos que circularon de man en man en copias manuscritas ante a imposibilidade de levalos á imprenta²⁶. Pero tamén asinou e chegou a ver en letras de molde algunha invectiva contra o estamento aristocrático. É o caso da *Silva* que leu nunha xunta pública da Sociedad Económica o 20 de xaneiro de 1785, na celebración do sexaxésimo noveno aniversario de Carlos III. Nesta composición, apenas once meses anterior á redacción da CG, ataca con dureza a aristocracia e a súa falta de produtividade, con pasaxes deste teor:

O Vos clase escogida,
que en defender la Patria tan famosos
fuisteis con vilipendio de la vida,
i a quien debe sus triunfos mas gloriosos
¿Vivireis en el ocio infamemente,
viendo con indolencia
su triste decadencia,
sin correr a salvarla prontamente? (...)
Los Nobles Estrangeros
usan yá de éstas armas²⁷; ni su Estado²⁸

²⁵ Pérez Costanti (1905: 52-53), seguindo a Vicente de Turnes, sinala que faleceu “emigrado” tras fuxir en 1820 do convento de San Domingos (de Bonaval), onde se encontraba encarcerado por un delito de inxurias á memoria de Carlos III. Barreiro Fernández afirma que acabou “desterrado no lazareto de Xénova, a onde chegou fuxindo de Santiago no ano 1820” (2000: 45) e que alí “debeu morrer ó pouco tempo” (2001: 273); pero para o historiador, que non menciona o episodio do encarceramento en San Domingos, a causa da fuxida estaría no restablecemento do sistema constitucional e, por tanto, na necesidade de evitar as represalias que contra el puidesen tomar os seus adversarios políticos. Máis recentemente suxire Barreiro que faleceu arredor do ano 1824 (2006: 128). Finalmente, o escritor e cronista Antonio Reigosa apunta que “conseguiu fuxir a Portugal, onde participou na creación da chamada “Junta Apostólica”, que tiña por misión organizar a resistencia realista. O goberno español solicitou a súa detención e entrega en xullo de 1820, mais nunca sucedeu” (Reigosa 2017).

²⁶ Así, por exemplo, “El Cabildo de los cerdos” (ca. 1780) ou un “Retrato do Cabido de Santiago” (1784) (Barreiro Fernández 2006: 132 e ss.).

²⁷ Refírese á ferramenta e aos apeiros dos diversos oficios (“martillo, la lima, torno, i sierra, / lanzadera, i hazada reluciente”), fronte ás armas da guerra (“las hondas, las flechas, i las lanzas, / los carros, catapultas, i arietes”, e os máis modernos “mosquetes, / morteros, i cañones”) (Freyre i Castrillon 1786: 2).

²⁸ É dicir, ‘ni su estamento’.

pierde por esto los antiguos fueros.
 ¿Reusareis seguirlos,
 i con armas iguales combatirlos?
 Ah! Que temeis manchar con la vileza
 aquel honor, caracter distinguido,
 que solo a hazañas siempre os há movido!
 O falso honor! Tu engañas la Nobleza:
 ¿Acaso los horribles instrumentos,
 que a los hombres destruyen,
 son mas nobles, que los que contribuyen
 a hacer sus casas, ropas, i alimentos? (...)
 O Vosotros, Hidalgos desgraciados,
 estamos en la Epoca famosa
 de las Artes, e Industria fructuosa.
 ¿No es tiempo yá que os levanteis osados
 de esa miseria triste, i afrentosa,
 en que infames yacéis, i desdichados? (...)
 Solo sois asquerosos Ciudadanos,
 i de los Pueblos cargas indecentes.
 ¿Que prendas, i ventajas naturales
 llevais a los honrados Menestrales,
 que despreciais por viles;
 sinó orgullo, i caprichos pueriles? (...)
 Oh! de quantos servicios importantes
 vuestra inutilidad gravosa, altiva
 a vuestra Patria priva!
 (Freyre i Castrillon 1786: 2, 3, 21-22, 22, 22)

Aínda que difire no ton empregado, a CG presenta tamén un ataque evidente ao estamento aristocrático a causa da súa vida ociosa e laxa canto á moralidade, con especial foco posto no sexo feminino. Ademais dos condicionantes ideolóxicos en que repousa ese ataque, vencellados ao cambio de mentalidade que trouxeron as correntes de pensamento ilustrado, non está de máis recordar aquí que o Freire Castrillón que en 1785 redacta a CG ou a *Silva* citada pertencía ao sector profesional do pequeno comercio, xa que, como foi apuntado, rexentaba en Santiago unha tenda de quincalla, circunstancia esta que, dito sexa de paso, lle valeu non poucas burlas por parte dos seus adversarios. É dicir, Freire pertencía á “vil clase traballadora”, sempre desde a perspectiva da nobreza rendeira.

Agora ben, non deixa de resultar curioso que Freire Castrillón, que non gozaba entón da condición de nobre, se esforzase posteriormente por acadar o recoñecemento de fidalguía, como

revela José Luis Lamigueiro nun traballo sobre a xenealoxía do compostelán. Sen dúbida, a condición nobiliaria tiña que resultarlle moi apetecible na medida en que lle ía reportar, ademais de prestixio social, toda unha serie de prebendas e exencións tributarias. Lamigueiro explica que o autor

cursó estudios de Teología a partir de 1804 en la Universidad de Santiago, practicándose sus pruebas testificales previas a su ingreso a lo largo del año 1803. Es curioso que se encuentren en su expediente frases tales como “...unos y otros de noble estirpe” refiriéndose a su familia paterna; ya que solo en caso de los *Freire de Serantes* se puede justificar cierta hidalguía bastante desvaída por otra parte, si recordamos además que le procedía por rama de hembra²⁹; lo que contrariaba los estrictos cánones por los que se regían los hidalgos en el Antiguo Régimen. Lo cierto es que a Don Manuel no le quedó más remedio que litigar ante la Real Chancillería de Valladolid en defensa de su fuero de hidalgo en el mismo año 1803, recibiendo Real Despacho a su favor el 7 de agosto de 1804.

De la nueva condición de Don Manuel Freire, será notificado el concejo santiagués en el siguiente 1805, por una cédula que le apremiaba a que fuera inscrito como hidalgo en los padrones de la ciudad; y así mismo se le guardaran todas las honras, exenciones, preeminencias, franquicias, y libertades que le correspondían con tal. (Lamigueiro 2012: [12])

Creemos, en definitiva, que a CG é un texto que cadra ben coas orientacións antiaristocráticas propias da etapa liberal de Freire Castrillón e, por outra parte, consideramos que a Sociedade Económica de Santiago fundada en 1784 tivo que ser, forzosamente, o escenario en que Freire e Luis Pereira se encontraron, se é que non chegaran a coñecerse antes na pequena Compostela daquela época.

4. Edición do texto

A continuación transcríbese de maneira literal o texto da CG, así como a presentación que o precede, debida seguramente a un dos redactores de *El Censor*. Respectouse en todos os

²⁹ Refírese Lamigueiro a María Freire de Serantes y Andrade, natural de San Fiz de Esteiro (Cedeira) e bisavoa de Manuel Freire. Dona María Freire foi filla dos fidalgos don Alonso Fernández de Esteiro y Oriona e dona Francisca Freire de Serantes y Piñón, veciños do lugar de Saa, na mesma freguesía de Esteiro (Lamigueiro 2012: [9]).

casos a grafía do impreso, e tamén a acentuación e a puntuación orixinais. Só en tres lugares se optou por facer mínimas intervencións, restituíndo entre corchetes unha letra suprimida ou confundida por evidente erro tipográfico: “mormulando unos de lo[s] otros” (p. 1016), “Ame[r]ica” por “Amexica” (p. 1021) e “po[r] que le andan moy apegados” (p. 1025). O inicio de cada páxina sinalámolo co número arábigo correspondente entre ángulos (<1015>) e valémonos da numeración romana, agora nun superíndice (*cortegos*^{III}), para remitir ás explicacións e comentarios sobre o contido da CG que se incorporaron ao final do texto, no apartado 5.

El Censor. DISCURSO CXXI, s.d [7.9.1786], pp. 1015-1029.

<1015>He aqui la otra Carta. Un Cura de una aldea de Galicia fue quien me la dirigió, diciendo que habia sido escrita á un feligrés suyo por un sobrino de este, que no sé con qué destino habia pasado á la Ciudad. Añadia, que habiendosele proporcionado leerla á algunas Señoras, creia haberlas hecho mas impresion que muchos de los sermones que suelen oír: y que por eso me la remitía, para que imprimiendola fuesen mas generales los buenos efectos que de ella deben esperarse. Ultimamente, se hacia cargo de que el champurrado en que está escrita, no será acaso entendido sino en Galicia, y de que por tanto solo allí podrá ser util; pero decia, que todo lo que puede contribuir á la reforma de las costumbres en algun parage de la Peninsula, qualquiera que este sea, es digno de ser puesto en obra por un Censor de la Nacion Española.

<1016>CARTA DE GALICIA.

Tio y moy Señor mio de mi mayor estimacion y cariño: salud y gracia: me alegraré que estos quatro rengolones hallen á Busté con perfecta salud á vista de quen bien quere y desea: la mia á Dios gracias buena por lo de agora prá quanto quera mandar, que lo hareré con fina voluntad. Moy Señor mio: saberá que yo me atópo moy desgostado en esta Suidá^I, y que se no manda por mí decontado, me vo moriendo de malencolía con las soledades de la tierra; porque aqui, Señor, todo le es una reboltura, mentira, engano y falsidá. Se vira Busté las cortisias y cariños que se dicen los unos á los otros, que parecen moy amigos, y por detras

quedanle haciendo bulrra y mormulando unos de lo[s] otros. Todos le andan moy goapos y compostos, <1017> aunque sea un ninguien; y adentro de la casa muchos no le tenen que gantar, y le andan sempre descurrendo endrominas, artimañas y bromas, y haciendo esculcas prá pillar dinero emprestado. Yo no sé quen demontres le digo á un Señor que yo tenia aquelles 300 riales que Busté me dó prá irme romedeando, que me los pidió emprestados no mas de por una somana con muchas cortisias, y case llorando: y yo malpocado, vendo un Señor coma aquelle tan avergonzado y en tanto apuro, se los dé. Y haga Busté de cuenta y de saber, que despos que se los dé no hizo mas caso de yo, coma se nunca nos viramos: y porque se los pedi á lo cabo de muchos dias, se puso que me queria comer, y me llamó mil perrarias, deciendome que me hiciera mas habor en pidirmelos que no yo en emprestarselos, ¡y que sé yo!

<1018>¿Pos qué le diciré de las mogeres? Se las vira Busté coando se alevantan de la cama, y despos en la calle, se habia de pasar. ¡Què matas de cabelo! ¡qué rubias de faceras! Pos Señor, no le hae nada, que todo le eras una embustería. Lo cabelo se lo apegan á la cabeza todos los dias unos birbones, (Dios me lo perdone) que les llaman piluqueros con poco temor de Dios, casi en camisa, y despos se pintan y compoenen allà adentro, y en esto le gastan toda la mañana sen coydar de la casa ni nada. Busté no lo creerá: hastra le compoenen, allà no sé como, lo seo, prá que pareza lo que no hae, y hacer pecar (perdoneme Dios) á los hombres. En las menesmas nadigas diz que le poenen unas almohadas, praque parezan grandes. Pró lo que haz pavoar, eras lo que poenen en la cabeza. Se vira Busté que moda de cofias entaladas con ara-<1019> mios, tan grandes! tan grandisimas! que meten medo, y no caben por las poertas, llenas de froles, colonias y prumas de papagayos! y lo cabelo todo untado de enguento y harina triga, que da nojo verlo: vaya que no sé como les gustan asi á los hombres. Agora lo que haz rir eras ver á una Madama con unas almendrillas, gargantillas, ralicarios, sortellas y frevillas moy grandisimas, todo de oro, de pelrras y de pedraría: ¿pós sabe Busté lo que es aquello? esle todo oropelles y platapeles, y las pelrras y pedras sonle de vidros, que yo mesmo le esmagé una y lo vide. De soerte, que aqui todas coantas cosas le hae le son fingidas^{II}.

Yo tengo rezelo que muchas deben de tener foentes, ó fridas ó llagas; porque andan botando olidos en la ropa, en los lenzos y todo, que hacen doer la cabeza; y digo esto porque se lo vide botar á <1020>unos valentes pirillans. Todas ellas le gastan muchos mimos y mijiricos, y queren parecer enfermas; porque le andan sempre moy pasinito, y aunque sea solasmente prá subir una escalera, piden que las aúden por la mano. Pró sepa Busté que eras por agarrar á los hombres; porque mire Busté se una moza coma uno castillo ben mantida y folgada que da brincos y carreras en la danza, si tene necesidá de que la leven por la mano coma á una niña. Despós hayle aqui unos; que les llaman cortegos^{III}, que le son los namorados, y los tenen casadas y todo, y hastra las menesmas niñas pequenas: y le están todo lo día de Dios parolando sagretamente al oído á las suyas cortegas á la vista de los suyos hombres, y de los Padres y de las Madres, que no lo reparan; porque tambien andan ellos con otras suyas cortegas; y asi le van á la misa, y á las vesitas <1021>y á pasear sempre guntos y apegados: mire Busté: yo no sé lo que barallan unos con los otros en sagreto; pró le digo que oí decir pubricamente á algunas madamas moy aqueladas, algunos termenos y astrevilos, que me le hacian poner todo colorado; y mas no me las decian á mí.

Asi le pasan lo día las Madamas asentadas en uno tabulete en la vesita sin hilar, ni panillar, ni nada. Porque las cofias, las medias, los encajes, lo lenzo y todo, lo mercan en las tendas; que se lo tran los Catalanes de Madril, de Caíz, de Francia, y de Ame[r]ica y de otras partes^{IV}. Y no le dan siquiera una vuelta á la cocina, ni cuidan de los higos; sino de unos cadelitos de faldras, que le andan con ellos en lo colo, les dan bicos, y dicen cariños, coma se le foeran criaturas, y los catan y doermen con ellos, y les dan chiculate y to-<1022>do. Y se alguno los tripa, ó les casca, ó le están malos, le tenen tanto pesar y alevantan unas quimerias, coma se foeran suyos higos. Y de estos no le han tanto caso, que allá les andan con ellos y los crian unas Dayfas, que les llaman Amas. Y agora le he de decir que aqui he vido aquella buena alage de Grabiela, la que se foe con Calrros el Xuastre, moy goapa servindo de Ama en la casa de uno Caballero de muchas cercustancias^V.

Los dias santos y los dias soltos aqui todos le son unos. Por lo día andanle en las vesitas, y en los paseos: y se van á la Iglesia, no le eras

prá rezar; sino solasmente prá ver los cortegos á las suyas cortegas, y prá les hacer señas: prá conversar y mormular unos con los otros, que paréz cosa de Hireges: y porque le es un gusto ir á ella; que le està moy composta con muchas cornicopias, coadros y ra-<1023>malletes, platos y prendas de plata, y muchos Angelotes, Santos y noestras Señoras con abatas moy garridas, llenas de froles y alages, y tantísimas luces que haz medo. Y hay le un estrado moy goapo prá las Madamas que las convidan, coma prá las vesitas, prá oír una museca moy grande^{VI}. Pró á mí la museca de solfa no me le da gusto; porque eras todo una algravía: unos le cantan coma los cucos, y otros berran coma becerros, y no se le entiende nada mas que ííí, óóó; porque las biguelas le rinchan mucho con los chifanos, trompetas, roncós y los demas estrumentos: y mas que porque no le trán ben deprendida la cantiga, que unos la leen moy de corrido por los papeles, y otros van moy despacio, y voelven á encomenzar, y se andan tropezando y parando, y otros estonces les ensinan, y asi le meten una bulla que parece lo mercado.

<1024>A la noche se aguntan á hacer foliadas, y pirmero beben la limonada y la irchata, que le son unos vasos llenos de neve misturada con dulce, que haz cortar los dentes, y despós cagas y empapelados de dulce, y lo chiculate enriba. Lo dulce que no poeden comer, lo goardan, coma los probes, prá despos, á la vista de todos, y algunos le vide que lovaban mas de una libra prá la casa. Acabado lo refresco se poenen á danzar lo menoe y la contardanza^{VII}, y venen unos vistidos de danzantes con carantoñas en la cara; que aunque los mandó tirar sua Rial Magestá^{VIII}, no le deron creto, coma con la orden de los hogetes, que los botan coma de nantes coando coadra, y asi le hacen con otras cosas.

Lo menoé eras una danza sen ninguno solaz: todo le es pasear y mas pasear y dar rebiravoltas moy pasinito por lo sobrado <1025>hacendo lo Caballero cortisias á la Madama y agarrandole de coando en veces por la mano, y todos calados mirando prá ellos. La contardanza, se poenen muchos guntos y dan buenas mudanzas asi á la moda de lo contrapaso; pró eras lo mas mas peor, po[r]que le andan moy apegados, y agarrandose las manos y dandose abrazos las mogereras á los hombres.

Otros le jogan á la manilla^{IX} y otras modas de jogos; pró tan subidos, que le botan los pesos duros enriba de la mesa coma migo: Cregos

y todo; que mas parez ques van á espollár los unos á los otros que no á divertirse. Orasme, nosotros allá maginamos, que los Señores no poeden hacer falcatruadas; pró saber ha Busté, que las hacen coma calquiera; que yo le vide una quimerea, moy terribel entre dos, que le salian de una casa tiradas las espadas, y hubo de <1026>haber una de satanancas, que lo uno queria matar á lo otro, y le llamó picaro, ladron y otros alcumes, y eras le porque le cogeran en una trampa moy sutil, con que pillaba mucho denero; que le son mas peiores que nosotros aunque andan goapos, y trán espadín, y sombrero á tres ventos^x, y botan mucha borra. Asi le estan danza que danzarás y joga que jugarás toda la noche y á las veces coando le van prá la casa ya le es de dia, y por eso no se alevantan de la cama hastra moy tarde.

Pró de todo lo de que mas se habia Busté de espantar habia de ser de las comidas. Tantos y tantos alimanitos, tantas aves, y tantos pexes, unos cocidos, otros fritos; unos secos, otros con prebe pagizo, negro, verde, y todos los colores: tantos ramalletes, castillos, guertas, y bonifates de dulce de tantas modas; y despós quesos, <1027>pernils, y frutas, y coanto hae todo de neve, que parecen mismo tales. Asi se le están enchendo, coma bácaros, hastra las coatro, ó las cinco que se van á durmir toda la tarde. Y yo cuydaba que los caballeros le bebian poco vino, y agora me desengané; que le hae algunos, que le agarran unas lupandas trémoras, y hastra le apostan y tenen vanidà en esto.

Esto le pasa entre la gente noble, que debia dar axemplo: pos si le foera á dicir lo que hae entre la gente bafua en las tabiernas, en las casas tarreñas de los arrabaldes, y hastra entre los menesmos probes, que andan á la limosna, y los menesmos tollidos, llagados, y cegos; serian de menester muchos prigos de papel: y yo no tengo lecer, nen vagar prá esto; pró tengo mientras de contarselo todo con mas dispacio prá coando esteamos guntos; se <1028>me quere tirar de esta Babelonia, que me haz sospirar tanto por la noestra frequezia, á donde no hae estas trampuzadas, comprimentos, cirimonias, y como se llamas. Y mas quero estar allí chantado en uno burato con uno anaco de broa é chazina, y con lo mel, leche, y mantega, que todos los guisados, resolios, azucre, y almibre de la Vila, aunque andiverà en carricoche, y lo vara á lacayos detrás. En fin se Busté no me tira daqui; ben me poede vir rezar á la coeba,

que esté en visporas de morir: y darà muchas mamorias á Cristovo de Geronimo, y al Señor Monifacio y Señora Barbora, y tambien á mi curmano Amaro, y diciràles que nunca me liembro de elles que no me corran las bagoas. Y Busté tomaralas á la medida del suyo deseo y namientras nuestro Señor le goarde muchos <1029>años De esta Leorna de *** á 13 del mes de Diciembre de 1785.

B. L. M. de Busté

Su mas afeuto sobrino que verle desea

Inocencio do Campo.

Tio y Señor, Silvestre do Campo.

5. Notas ao texto

- I. Cremos que se trata de Santiago de Compostela, lugar de orixe e residencia do autor da CG. Cara ao final do texto a cidade é referida como *Vila* (p. 1028), designación empregada aínda hoxe polos habitantes da contorna de Santiago para referirse ao núcleo urbano.
- II. Descrición sarcástica do vestido e dos peiteados das aristócratas compostelás, que, ao igual ca no resto de Europa, imitaban os modelos procedentes de Francia. Desde a década de 1770 os peiteados das mulleres das clases altas foran gañando cada vez máis volume, chegando a acadar tamaños descomunais. Ademais adornábanse con diverso tipo de obxectos, como se aprecia no texto, o que lles proporcionaba aínda unha maior altura. Será a partir da década de 1790 cando esta moda quede en desuso, substituída por formas máis sinxelas e cómodas, en sintonía co cambio de mentalidade irradiado desde Francia tras o proceso revolucionario iniciado en 1789 (Leira Sánchez 2007: 91 e 94).
- III. *Cortego* é a forma con gueada correspondente ao castelán *cortejo*. A segunda edición do *Diccionario* da Real Academia Española, publicada en 1783, define *Cortejo* na súa terceira acepción como “El que galantea, ó hace la corte á una muger. Tambien se llama así la muger cortejada”; a terceira edición, de 1791, sinala que esta acepción corresponde a un rexistro familiar. A

- palabra aparece empregada por Freire Cas-trillón con posterioridade: “Y mondándoles las pranas / Los petrimetros rapados / Con sus bolsillos de argoellas / Y las cortejas mascando” (LP2, p. 1161). A forma *cortego* foi incorporada á tradición dos dicionarios galegos por Eladio Rodríguez, que a define como “Galán, el que galantea a una mujer o la requiebra para enamorarla”; deste autor pasou ao dicionario de Franco Grande, pero non tivo posterior percorrido lexicográfico (DD, s.v.). A forma *cortexo*, aínda que non vén recollida nos dicionarios modernos coa acepción da CG, coñeceu certo uso literario a partir de 1875 (véxase no TILG, s.v.).
- IV. No relato da burguesía mercantil e comercial activa en Compostela entre 1760 e 1808 levado a cabo por Xosé Ramón Barreiro (2000), sinálanse ata dezaseis individuos de orixe catalá, dos que dez están xa documentados en 1785 ou con anterioridade.
- V. Un dos sectores que máis emprego proporcionaba na época era o servizo doméstico, que atraía poboación rural dunha extensa área ao redor de Santiago. Segundo os cálculos realizados para 1752, había empregadas neste sector 1.811 persoas, o que supoñía o 12 por cento da poboación total da cidade; delas, 1.294 eran mulleres, é dicir, o 71.5 por cento dos criados (Saavedra Fernández 2003: 244).
- VI. Ata inicios do século XIX mantívose entre os nobres de Santiago o costume de ocupar estrados preferentes nas igrexas cando eran convidados a algunha función relixiosa. Así aparece explicado no comentario dos versos “Pradicará lo Sermon / Lo capellan *Ragutango* / Con esquelas de convite / Prá los asentos y estrado” de LP2: “Hubo hasta ahora esta moda entre los Sres. de convidar á una funcion para tal ó qual iglesia, proporcionándose asientos preferentes &c.” (p. 1163, nota 69).
- VII. O minué ou minueto e a contradanza, procedentes de Francia, foron dos bailes máis populares entre a aristocracia europea do século XVIII.
- VIII. Refírese ao Bando Real do 10 de marzo de 1766, en que entre outras cousas se ordenaba a “toda la Gente civil, y de alguna clase (...), y sus Domesticos, y Criados (...) que de ningun modo vayan Embozados, ni oculten el rostro”. Trátase da famosa ordenanza que, en certo modo, orixinou o Motín de Esquilache. Canto á “orden de los hogetes”, debe de tratarse da Real Cédula do 15 de outubro de 1771, pola que Carlos III establecía a “prohibicion de la fabrica, venta, y uso de Fuegos” e tamén a de “disparar Arcabuz, ò escopeta cargada con municion, ò sin ella, aunque sea con Polvora sola, dentro de los Pueblos”³⁰.
- IX. A *manilla* ou *malilla* é un xogo de cartas de orixe francesa. As primeiras edicións do dicionario da RAE recollen unha proliza descrición das súas regras na terceira acepción da voz *malilla*, única forma das dúas que ten cabida na tradición lexicográfica do castelán con este significado.
- X. O espadín e o tricorne ou *sombreiro a tres ventos*, orixinarios de Francia, formaron parte do vestido dos cabaleiros europeos durante o século XVIII, xunto co traxe formado por casaca, chupa e calzón (Leira Sánchez 2007: 88).

³⁰ No repositorio dixital Galiciana encóntrase un exemplar desta Real Cédula impreso en Santiago en 1772 (<http://www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/es/consulta/registro.cmd?id=6965>) [consulta: xuño de 2017].

6. Referencias bibliográficas

- Álvarez Blanco, Rosario (2008): “Denuncia pública e autor anónimo. O diálogo dos esterqueiros (1807)”, en X. L. Axeitos, Emilio Grandío Seoane e Ramón Villares (eds.), *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago de Compostela / A Coruña: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela / Real Academia Galega, pp. 953-972.
- (2012): “Achegamento ao perfil lingüístico dos autores dos inicios da Idade Contemporánea”, en Ramón Mariño Paz (ed.), *Papés d’emprenta condenada (II). Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 213-259.
- Barreiro Fernández, Xosé Ramón (2000): “A burguesía compostelá (1760-1808). Unha base de datos”, *Sémata. Ciencias Sociais e Humanidades* 12, pp. 35-66.
- (2006): “Literatura clandestina. A crítica social na Galicia de finais do século XVIII”, en P. Sánchez Ferro (dir.), *Entre liñas. Unha ollada á historia da cultura escrita en Galicia. Da Idade Antiga ao século XVIII*. Ourense: Universidade de Vigo, pp. 123-143.
- (coord.) (2001): *Parlamentarios de Galicia. Biografías de deputados e senadores (1810-2001)*. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Real Academia Galega.
- Caso González, José Miguel (1989): “«El Censor», ¿periódico de Carlos III?”, en *El Censor. Obra periódica comenzada a publicar en 1781 y terminada en 1787*. Edición facsímil, con prólogo y estudio. Oviedo: Universidad de Oviedo / Instituto Feijoo de Estudios del Siglo XVIII, pp. 775-799.
- Cernadas y Castro, Diego Antonio (1781): *Obras en prosa y verso del Cura de Fruime*. Madrid: Joachin Ibarra, Impresor de Cámara de S. M., Tomo VII.
- CG = Campo, Inocencio do (= Manuel Freire Castrillón) ([1786]): “Carta de Galicia”, *El Censor* 121, pp. 1015-1029 (<http://hemerotecadigital.bne.es/issue.vm?id=0003841919&search=&lang=es>) [consulta: 07/2017].
- DD = Antón Santamarina (coord.) (2006-): *Diccionario de diccionarios*. Santiago de Compostela / Vigo: Instituto da Lingua Galega / Universidade de Vigo (<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>) [consulta: abril de 2017].
- Fernández González, Frutos (2013): “O Chao de Castela”, *Boletín Auriense* 43, pp. 287-300.
- Freyre i Castrillon, Manuel (1786 [1785]): *Silva, que, en la Junta Publica de 20. de Enero de 1785., en que la Real Sociedad Economica de Santiago celebró los años del Rey, leyó el socio de merito Manuel Freyre i Castrillon*. Santiago: Ignacio Aguayo (<http://www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/es/consulta/registro.cmd?id=6382>) [consulta: abril de 2017].
- García-Pandavenes, Elsa (1972): “Introducción”, en *El Censor (1781-1787)*. Barcelona: Editorial Labor, pp. 19-56.
- Herrera González, Julio (2007): ¡Serviles...! *El grupo reaccionario de las Cortes de Cádiz*. Málaga: Servicio de Publicaciones de la Fundación Unicaja.
- Lamigueiro, José Luis (2012): “La genealogía de Don Manuel Freire de Castrillón”. Recurso en liña incluído no portal *XOR. Xenealoxías do Ortegal* (<http://www.xenealoxiasdoortegal.net/ortegal/cregoserantes.htm>) [consulta: abril de 2017].
- Leira Sánchez, Amelia (2007): “La moda en España durante el siglo XVIII”, *Indumenta. Revista del Museo del Traje* 0, pp. 87-94.
- LP1 = El Nuevo Cosáreo de las Candelas (= Manuel Freire Castrillón) (1787): *La Piligrina*. Santiago de Compostela: Imprenta de D. Ignacio Aguayo (<http://hdl.handle.net/10347/9190>) [consulta: marzo e abril de 2017].
- LP2 = Manuel Freire Castrillón (1812 [1803]): “Segunda parte de La Peligrina, ó los Praceres”, *Gazeta Marcial y Política de Santiago* 95 (26/12/1812), pp. 1157-1164. (http://academia.gal/hemeroteca-virtual#paxinas_numero.do?current_page=2&id=5892) [consulta: marzo e abril de 2017].
- Mariño Paz, Ramón (2012): “Análise lingüística da obra en galego de Antonio Benito Fandiño”, en R. Mariño Paz (ed.), *Papés d’emprenta condenada (II). Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 317-384.
- (2016): “Un labrador que foy sarxento á os soldados do nobo alistamento (ca. 1808). O orixinal e as versións de 1861 e 1886”, en E. Corral Díaz, E. Fidalgo Francisco e P. Lorenzo Gradín (eds.),

- Cantares de amigos. Estudos en homenaxe a Mercedes Brea*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 601-612.
- Mariño Paz, Ramón; Xosé Ramón Barreiro Fernández e Rosa Aneiros Díaz (2008): *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846 (I)* [Edición dos textos, fichas introdutorias e notas de Ramón Mariño Paz. Notas histórico-biográficas de X. R. Barreiro Fernández. Coordinadora da edición: Rosa Aneiros Díaz]. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Mariño Paz, Ramón; Margarita Sánchez Yáñez e Damián Suárez Vázquez (2012): *O romance da urca de Santo Antón. Poesía en galego no Ferrol do século XVIII*. A Coruña: Fundación Barrié.
- Mariño Paz, Ramón e Damián Suárez Vázquez (2012): “Novos textos e primeiras edicións de textos do Prerrexurdimento ata o de agora esquecidos ou ignorados”, en R. Mariño Paz (ed.), *Papés d'emprenta condenada (II). Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 429-512.
- M[illán] G[onzález]-P[ardo], Isidoro (1969): “‘Castellanos de Orense’, do P. M. Fr. Martín Sarmiento”, *Grial* 26, pp. 413-420.
- Navaza, Gonzalo (2012): “Un texto inédito de 1827: a Carta do cura de Esmelle”, en R. Mariño Paz (ed.), *Papés d'emprenta condenada (II). Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 511-554.
- Odriozola, Antonio e Xosé Ramón Barreiro (1992): *Historia de la imprenta en Galicia*. A Coruña: Biblioteca Gallega.
- Pérez Costanti, Pablo (1992 [1905]): *Historia del periodismo santiagués* [Edición de José Luis Cabo]. Sada: Edicións do Castro.
- Reigosa, Antonio (2017): “As andanzas do deputado Freire Castrillón”, *Caderno de Campo de Antonio Reigosa* (<http://cadernodeantonioreigosa.eu/2017/02/as-andanzas-do-deputado-freire-castrillon/>) [consulta: abril de 2017].
- Saavedra Fernández, Pegerto (2003): “O dinamismo socio-económico do principal núcleo urbano de Galicia”, en E. Portela Silva (coord.), *Historia da cidade de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago / Universidade de Santiago de Compostela, pp. 225-303.
- Sánchez-Blanco, Francisco (2016): *El Censor: Un periódico contra el Antiguo Régimen*. Sevilla: Ediciones Alfar.
- Sarmiento, Fr. Martín (1970): *Colección de voces y frases gallegas* [Edición y estudio por J. L. Pensado]. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- (1974): “Sobre el origen de la lengua gallega y sobre la paleografía española”, en J. L. Pensado, *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*. Vigo: Galaxia, pp. 17-41.
- TILG = Antón Santamarina (dir.) (2003-): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela (<http://ilg.usc.es/TILG/>) [consulta: marzo e abril de 2017].